

PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL
EDICIÓN 4: Como innovar?: Recursos e Estratexias [En colaboración coa Rede Eusumo e POISES]

| | | | |
|----------------------------|---|-----------------|---------------------------|
| DATAS REALIZACIÓN | Do 6 ao 22 de xullo de 2021 | DURACIÓN | 20 horas |
| HORARIO | Celebraranse cinco sesións virtuais de aprendizaxe os días 7, 8, 14, 15 e 21 de xullo en horario de 12:00 a 14:00 hs. | | |
| LUGAR CELEBRACIÓN: | Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com | | |
| PERSONA DE CONTACTO | Patane García Méndez | teléfono | 881 887 456 / 697 877 773 |
| | | e-mail | patane@espazo.coop |

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas participantes.
- Mellorar a situación dos procedementos e sistemas de dirección empresarial das cooperativas participantes, mediante operativas adaptadas ao modelo.
- Divulgar de forma práctica ás cooperativas participantes, boas prácticas, ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos seus procedementos de xestión e sistemas de dirección .
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes que permitan establecer alianzas futuras.

PROGRAMA E CONTIDOS

1 | A innovación nas pequenas e medianas cooperativas

- Análise de procesos na proposta de valor da empresa
- Introducción ao deseño demodelos de negocio (lean startup)

2 | Como innovar?

- Design Thinking e deseño centrado no usuario/a
- Prototipado e testeo: equivócate rápido e barato
- Deseño de modelos de negocio
- A metodoloxía ágil aplicada á innovación

3 | Colaborar para innovar.

- Estratexias de colaboración entre empresas
- Ferramentas dixitais colaborativas

4 | Boas prácticas para incorporar a innovación na cultura da empresa

5 | Ximnasia creativa

METODOLOXÍA

Para facilitar o proceso de aprendizaxe sobre a plataforma online, propóranse dou tipos de sesións.

- Sincronas: Unhas presenciais para favorecer a experiencia do traballo grupal, coa busca da interacción das persoas participantes.
- Asíncronas: con contidos creados para o curso e/ou selección doutros para que o alumnado decida o seu ritmo de aprendizaxe.
- APRENDER FACENDO. As sesións sincronas terán un terán unmarcado sentido práctico, onde se proporán desafíos constantes ao alumnado para extraer conclusións e decisións útiles para o seu día a día.

DIRIXIDO A

Con preferencia a persoas socias pertencentes aos equipos directivos, persoas que formen parte do Consello Reitor, e socias e asalariadas con responsabilidades de departamento ou area, de cooperativas. Atendendo ás especificidades e obxectivos do programa, e os criterios da orde de axudas, procurarase que en cada acción formativa participen un número de persoas entre 10 e 15. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.

Esta actividade encádrase nos Programas: Programa da Rede Eusumo 2021. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social - Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT 8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.